



ANXELES GONZÁLEZ CRUXEIRAS, Concelleira do Grupo Municipal do **BLOQUE NACIONALISTA GALEGO (BNG)**, neste Concello, presenta a seguinte solicitude ante o Pleno da Corporación Municipal, en relación coa extremada urxencia do arranxo da rúa do Outeiro en Carreira.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A rúa do Outeiro, en Carreira, fai case dous anos que ten aberta unha enorme fochanca, de dimensións considerables, froito dunha rotura de tubaría do saneamento ó intentar soterrar o cabreado eléctrico.

A veciñanza do lugar esta cansa de agardar polas promesas que o Grupo de Goberno Municipal lles fai, en numerosas ocasións se dirixiron a eles para que se arranxara a situación, pois estaban a ser prexudicados enormemente, e por parte deste Concello como e moi habitual, prometese e logo mirase para o lado. E así o problema destas xentes segue sen solucionarse case dous anos despois.

Como ben se dixo antes, o socavón que alí hai é de considerables dimensións, o que supón un risco para os vehículos que circulan, para os paseantes que percorren a rúa, e como non para os/as veciños/as do lugar que alí residen. Estase a falar de case dous anos convivindo con este estorbo, e neste tempo a única xestión do Goberno Municipal foi colocar unhas chapas de ferro sobre os buratos, unhas placas que cada vez que pasa un vehículo por enriba delas emiten un ensordecedor ruído que impide conciliar o sono ás xentes dos arredores, moitos deles maiores e enfermos.

A este problema súmase o dos numerosos atascos que se están a provocar na rede de sumidoiros, o que leva a ter que soportar uns cheiros constantes e a diario por parte dos residentes e viandantes.

Este Concello, debe asumir xa dunha vez, ese arranxo, correspóndalle a Fenosa ou a Aguagest, e logo saldar as contas con quen sexa responsable, e non agardar como sempre a que poida acontecer calquera desgracia e que logo teñamos que lamentala.

Dende o BNG, demandados de novo polos veciños/as, volvemos sumarnos o seu chamamento, denunciando esta situación e lembrándolle a este grupo Municipal do PP que está ocupando ese lugar de Goberno para resolverlles os problemas ós cidadáns e para facer as súas vidas máis levadeiras, e non o contrario como denota estar facendo a cotío.

Por iso, o Grupo Municipal do BNG presenta a seguinte:

SOLICITUDE

Que por parte do Goberno Municipal coa máxima urxencia posible proceda ó arranxo da devandita rúa.

Ribeira, 18 de decembro de 2008

Asdo.: Anxeles González Cruxeiras

SR. ALCALDE PRESIDENTE DO CONCELLO DE RIBEIRA